

Despois de case once anos conta con douscentos cincuenta socios

ACRD Santa Mariña do Monte, once anos dinamizando a parroquia

A Asociación Cultural, Recreativa e Deportiva San Loureiro de Santa Mariña do Monte creouse para dinamizar a parroquia e ter un local social como punto de encontro dos veciños e veciñas.



Miembros participantes nas clases de manualidades realizadas desde o principio da asociación

Pepa Cartelle

Durante o ano noventa e sete moitos dos veciños de Santa Mariña comenzaron a falar da posibilidade de formar unha sociedade para organizar actividades. Lembran que se xuntaban nos partidos dos equipos de fútbol e no grupo de baile galego e gaitas. "Nós", "Era cousa nosa, gustábamos e pasábámolo moi ben", comenta a directiva.

Así que Manuel Domínguez, veciño cunha disposición especial ao asociacionismo convocou a primeira assemblea e apoiado por moitos deles, e constituyéronse a primeira directiva con seis voluntarios. O vinte e dous de maio do 98 tres homes e tres mulleres cheos de ilusión responsabilizáronse das tarefas da asociación, impulsando a colaboración e a aportación de ideas, sempre desde o seu traballo voluntario. "Quixemos poñer o nome do Monte, a secas, pero por ser moi curto, tivemos que engadir algo".

"Na Xunta directiva somos seis persoas e os cargos renóvanse

cada dous anos, logo podes repetir". Agora son Maribel, Amparo, Eva e Belén, que forman parte da actual directiva, as que falan, pero "Falta Marina e Abelardo", tamén lembran a Andrés e a todos aqueles que tamén colaboran activamente malia non ser da directiva, como Fernando o marido de Amparo.

O local social

Cando foi a parcelación quedaron terras de masas comunes que non pertencían a ningunha, cos cartos recadados pola parcelación mercouse o terreo onde hoxe se atopa o local social. Deixouse a antiga escola dos nenos, un edificio dos anos 40 sobre o que está feito o actual local, xa que antes, xunto a outro edificio que era a escola das nenas, formaban a escola unitaria de Santa Mariña.

O local consta de dous pisos con asesos, pequeno almacén, sala de xuntas, dúas salas e cocaría con lareira incluída.

Ainda non teñen internet nin ordenadores pero agardan a chegada do Wimax e dos equi-

pamentos correspondentes para conseguirlo. "Sei que pensan que temos moita sorte por ter este local pero botamos en falta un salón de actos, un espazo cuberto multiusos. Agora ven o Antroido e..."

O local de Santa Mariña ten cerca unha pista deportiva para a práctica de fútbol así como unha ampla zona verde para o esparcimiento e a poucos metros está a área recreativa.

O local está aberto todos os días da semana pola tarde e os sábados e domingos en función da programación, "o que queremos é que todos reñan un lugar para reunirse e pasar o tempo de lecer".

Socios

Na actualidade conta con 250 socios que integran esta entidade manida polos pagos das cotas e as subvencións dadas pola Deputación Provincial, Xunta, Concello e outras entidades privadas. "No 2008 houbo 6 baixas e 27 altas", mantén o número de socios que proveñen tamén de outros sitios, Narón, Neda, Fene, Valdoviño e Ferrol.

Cambio de directiva

A 24 de xaneiro de 2009, a directiva está pendente de celebrar unha assemblea para renovar cargos. Polo temporal suspendeuase ata seguinte aviso. Animan á xente a participar porque necesitan axuda para traballar en organizar cousas: "Para pasalo ben estamos todos", pero botan en falso á xente nova, que si hai pero non acude.

"Comprendemos que a xente de 70 anos non quiera pelechar, quen ten que traballar é a xente nova"

Actividades organizadas

Ofertan actividades diversas mantendo relación co concello e outras entidades colaboradoras. Dende hai dez anos ofertan o curso de manualidades e as exposiciones dos traballos feitos son todo un acontecemento no fin do curso. O campionato de tute e dominó celebrause ao longo de todo o inverno. Curso de arte floral, obradoiros infantís e conferencias. Tamén celebran o Antroido, a caminata a San Andrés a pé, no mes de xuño, e o San Loureiro. Actividades mantidas ao longo dos anos polas directivas.

A actividade máis curiosa, que non voltou a repetirse, foi unha desfileiro desfilado da comunidade na San Andrés que xuntou a máis de cento vinte persoas.



Maribel, Amparo, Eva e Belén da directiva actuando e sostendo un humor, posando

volta ciclista a Santa Mariña do Monte para nenos e adultos, "todo o mundo viña ver a correr ós demás. Fixérmola dous anos, percorrían toda a parroquia."

San Loureiro

Sen dúbida é o prato forte. Celebrárono en outubro. Esta festa vecinal distinta marcou a creación da persoaxe do San Loureiro. O patrón da parroquia é Santa Mariña e celebrábase o San Antón, pero eles decidiron celebrar o San Loureiro.

Comezaron de cero, ofrecérase a Coral de Lago para cantar pero non tiñan cartos para a carpeta. Entón decidiron facer unha festa para recadar algo de cartos.

A grazia comezou co nome, que derivou en San Loureiro. Se funcionaba cada ano cambiáronse o nome, sempre de árbores. San Bideu, San Carballo, ... Pero foi tan ben que quedou así.

"É unha festa para facer algo onde participe a xente durante todo o dia". Comezaban coa misa onde cantan, rezan ou axeóllanse según mandan. Pola tarde seguían con festival de teatro, desfiles, bailes, recreando parodias de programas da televisión coñecidos e sempre con moito humor. Á noite cea-baile amenizada con música. O concello colabora cunha actuación.

Outras actividades

Participan tamén en moitas actividades ofertadas polo Concello, donde hai anos reñen un grupo de asistentes de rehabilitación para persoas maiores e asistiron a un curso de cuidadores por Benestar Social.

A actividade "Tempo de mulleres" funcionou moi ben, van solicitar o módulo 2 á Dirección de




Mulleres participantes en rehabilitación para persoas mayores diante do edificio do local social

Vicepresidencia e Secretaría de Igualdade e Benestar, con esta actividade realizarán unha viaxe de 3 días a Panxón.

Sempre procuran dar facilidades a todas as actividades que se queren organizar no centro social porque moitos veciños non asistirían ás mesmas no caso de se ter que desprazar ata San Sadurniño.

Proyectos de futuro

O primeiro plan que teñen de cara ao futuro é constituir unha nova directiva, organizar o Antroido, construir unha fosa séptica para o local e un acto especial para o 16 de maio. Pretenden xuntar a todas as persoas que tiveron algún vínculo con Santa Mariña por ser nado ou veciño ocasional de aquí; Por que xuntala? "Porque sempre se escuta fulano de tal, o sobrino de... xente que te coñece e ti a elá non. Queremos ver cantos somos de aquí e estamos desprendidos, e non só vernos en enterros e bautizos. Xa contactamos con antigos mestres pero os que máis nos costa atopar a os caseiros, aquelas familias que tiñan traballadores nas casas."



Desfileiro desfilado da comunidade na San Andrés que xuntou a máis de cento vinte persoas